


## AMIGOS/ASCOLEROTEIROS



Informar e promover a participación co fin de crear a rede de amigos/as do programa de ColeRoteiros. Para formar parte desta rede haberá que anotarse previamente a través da web no apartado DE AMIGOS/AS DE COLEROTEIROS en INSCRICIÓN EN LIÑA. Unha vez admitidos/as recibirán un adhesivo, que deberán colocar nos seus escaparatés para que poidan ser identificados con claridade polos nenos/as.



## EQUIPO MONITORADO

Haberá un mínimo e máximo de monitores/as en función do número de persoas inscritas. Estas persoas estarán apoiadas polo voluntariado.


O equipo realizará as labores de acompañamento durante os traxectos e tamén a formación en educación vial para que os/as rapaces/as gañen en autonomía e realicen os itinerarios de xeito seguro.

Haberá monitores/as en:

- Cruces perigosos
- Rotiparadas

- En traxectos ata chegar ás rotiparadas (serán os monis dron, porque encargaranse de guiar ata as rotiparadas e de estar pendentes de que os/as rapaces/as chegan ben ao punto de partida e tamén chegan de novo ás rotiparadas ao saír do cole).

Unha vez que todas as persoas participantes estén no cruce de Pierres estes monitores/as irán reagrupándose para ir con todo o grupo. Si hai algún incidente con algunha persoa sempre estarán acompañados/as de monitores/as e ademais teremos unha furgoneta para posibles incidencias. Exemplo, pinchase unha bici, pois lévase ao rapaz/a para que chegue a tempo ao cole e á volta igual.



# COLEROTEIROS

PROGRAMA CAMIÑOS ESCOLARES DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR

## QUE É?

ColeRoteiros, Camiños Escolares en Soutomaior, é un programa municipal educativo e xuvenil dirixido a facilitar que nenos, nenas, mozos e mozas poidan ir aos centros educativos camiñando ou en bici.

Un proxecto global e transversal do Concello de Soutomaior que ten como fin impulsar hábitos máis saudables de mobilidade, practicar deporte, contaminar menos e favorecer a participación comunitaria.

EU SON ROTI

## COMO?

Poñendo en marcha itinerarios denominados ColeRoteiros que estarán identificados coa mascota do proxecto: Roti; As persoas inscritas poderán participar nas Rotiquedadas para ir en grupo ao cole dun xeito saudable e divertido aprendendo a percorrer estes camiños de xeito seguro xunto co equipo de monitores/as que se encargará de guialos/as ata os centros no itinerario de ida e tamén de volta.



INSCRICIÓN EN LIÑA



ONDE PODES INFORMARTE? **COLEROTEIROS**  
<https://gabinetesoutomaior.com/index.php/programas-educacion/coleroteiro>  
 E EN OPIK [educacion@soutomaior.com](mailto:educacion@soutomaior.com)  
[omix@soutomaior.com](mailto:omix@soutomaior.com)

XUVENTUDE SOUTOMAIOR  
  
 EDUCACIÓN SOUTOMAIOR

COLABORA:



## ROTIQUEDADAS

Serán as saídas en grupo previamente planificadas coas que se persegue dar a coñecer os coleroteiros e provocar que os menores vaian adquirindo o hábito de ir ao cole andando ou en bici. Fomentar a súa autonomía nos traxectos cotiás creando condicións de seguridade ata que non sexa necesario que vaian acompañados por monitores/as porque os itinerarios sexan seguros ademais de sostibles e saudables.

Si se supera o máximo de inscrición por día fixarase nesa semana unha nova data para as persoas que queden en lista de agarda (comunicarase ás persoas inscritas).



## VOLUNVIAL

Educación vial+ voluntariado

O curso básico de voluntariado vial: será obrigatorio para todas as persoas voluntarias e consistirá en participar na formación sobre o funcionamento do programa, coleroteiros establecidos e peculiaridades de cada un; seguridade e educación vial, hábitos saudables, mobilidade, sensibilización sobre sustentabilidade, primeiros auxilios básicos, valores e habilidades sociais.

Funcións básicas do voluntariado:

- Sensibilización en materia de educación vial e seguridade.
- Observar os itinerarios, os puntos de risco e as necesidades de mellora para poñelo en coñecemento de responsables municipais e así ir introducindo as melloras pertinentes.
- Información sobre o programa.

Requisitos do voluntariado:

- Ser maior de idade.
  - Dispoñibilidade en horario de entrada ou saída dos centros educativos.
  - Dispoñibilidade de camiñar pero tamén de bici ou patinete.
- Número de prazas: formaremos a 20 persoas máximo. Non sempre serán necesarias todas as persoas. A distribución realízase en función das necesidades de cada ColeRoteiro e en función do número de persoas inscritas para cada Rotiquedada.



Para as persoas inscritas como voluntarias será obrigatorio participar no curso básico de educación vial no que se tratarán contidos como: funcionamento do programa, coleroteiros establecidos e peculiaridades de cada un; seguridade vial, hábitos saudables, uso de medios de transporte sostibles, primeiros auxilios básicos, valores e habilidades sociais

## ROTI PARADAS

Serán os puntos de encontro identificados dentro do programa mediante unha sinal na que aparecerá a imaxe da campaña "Roti" co fin de identificar os puntos de reagrupamento onde o alumnado se xuntará os días programados no calendario para que todas as persoas desa zona poidan ir en grupo cara ao cole. Nesas paradas estarán as persoas que acompañarán a cada grupo: monitores/as e voluntariado.



## CALENDARIO DAS ROTIQUEDADAS

As ROTIPARADAS serán as seguintes:

- Alameda de Talorio
- Avda. Xosé Solla, 21 – Arcade
- Cruce de Pierres
- Rúa do Calvario na rotonda Bi – Nacional (Itaipu)
- Rúa do Calvario (Talleres Castro)
- Estrada de Soutomaior, 28 (antigo Padín Truteiro)
- CEIP Padín Truteiro
- IES Soutomaior
- Baixada ó Pavillón Deportes da Montesíña.

Venres <b>29</b> MARZO	Venres <b>12</b> ABRIL	Venres <b>26</b> ABRIL
Venres <b>10</b> MAIO	Venres <b>31</b> MAIO	Luns <b>10</b> XUÑO

É obrigatorio inscribirse para que poidamos saber cal é a rotiparada que escolle cada persoa, en que centro estuda, que medio vai a utilizar, idade, necesidades, etc. O prazo de inscrición sempre remata unha semana antes da Rotiquedada programada.

Venres  
**21**  
XUÑO

FIN DE CURSO